

Estes días tivemos coñecemento das dificultades que a Federación de ANPAS de Ourense está a sufrir para desenvolver os programas de comedores escolares e madrugadores, a causa do conflito entre o Concello de Ourense e o Sindicato Profesional de Policías Municipais de España, que puxo en perigo o seu financiamento e mesmo a súa sustentabilidade e continuidade. Desde CONFAPA-GALICIA queremos expresar todo o noso apoio ao exemplar traballo que desenvolve a nosa Federación irmá, FAPA Ourense, que carga sobre os ombreiros dos seus voluntarios a responsabilidade de alimentar aos alumnos dos Centros Públicos de ensino; e faino desde o principio de garantir a mellor calidade alimentaria posible, con produtos de proximidade e con menús cociñados no día, moi lonxe doutras receitas implantadas pola Administración que miran máis ao peto que á saúde dos menores.

Debemos facer constar o contraste entre o que sucede na cidade ourensá e a colaboración e facilidade que outras administracións locais teñen para coas ANPAS que asumen a responsabilidade de xestionar comedores escolares, exemplarmente A Coruña ou Pontevedra, onde os seus gobernos pon todas as facilidades administrativas e compensan a falta de axudas económicas da Xunta para coas familias dos centros públicos de ensino. Este contraste é tanto máis ferinte canto o alcalde de Ourense, D. Xesús Vázquez foi Conselleiro de Cultura, Educación e Ou.U., polo que se lle supón unha sensibilidade e coñecemento desta realidade.

Por tanto, desde CONFAPA-GALICIA esiximos ao Concello de Ourense unha solución inmediata ao conflito que bloquea a execución do convenio acordado coa Federación de ANPAs de Ourense, e á Administración Autonómica e á súa Conselleiro de Educación, que se interese por esta situación que pode supor a perda dos almozos e dos comedores escolares da cidade ourensá. Desde CONFAPA-GALICIA estamos dispostos a empregar todos os medios necesarios para a defensa dos intereses dos nosos fillos.

COAS COUSAS PARA COMER NON SE XOGA.



O Presidente
Rogelio Carballo Solla